

ACTIVIDADES LIBRO DE LINGUA GALEGA 3º TRIMESTRE

TEMA 11

PÁXINA 135

-Exercicio-5

EDUCACIÓN CÍVICA

Redacta as túas reflexións sobre a necesidade do esforzo, para lograr as nosas metas.

Acordádevos que era un dos vosos superpoderes sen o cal nada é posible, pero grazas ao cal podedes ser capaces de calquer cousa.

Recordade cousas que fostes capaces de lograr mediante o esforzo, eu por exemplo diría : “dividir por dúas cifras”, que vos parecía moi, moi difícil.

PÁXINA-136-137

LER

PÁXINA-138

Facer os exercicios de competencia lectora do 1 ao 8.

Aínda que pareza mentira, si existen ou existiron circos de pulgas amaestradas, metedes “circo de pulgas amaestradas” en Google e xa vos sae. O que xa non vos garantizo e que deades visto as pulgas.

- Un circo de pulgas na rede. <https://www.youtube.com/watch?v=z0bQsKGac-8>

ROLDA DE PRENSA IMAXINARIA

Imaxina que despois dun partido, actuación, entramento, exposición, etc., tes que falar nunha rolda de prensa, redacta o que dirías do acontecemento. Pode ser calquer outra situación, como dar unha noticia inesperada, real ou imaxinaria (Suspensión das clases ou entramentos pola pandemia do Covid19), etc.

1. Quen era Xabarín ? Debúxao e descríbeo.

2-Onde saía ? Gustábache o programa ? Se o vías, cal era a túa sección preferida?

A que grupo de animais co pezuños pertence o xabaril ? (o nome normativo do animal é xabaril)

Escribe as principais características do grupo de animais ao que pertence.

E a pulga? En que grupo a clasificarías ?

Se non o recordas repasa os temas dos animais no teu libro de naturais, e escribe tamén as características principais deste outro grupo.

PÁXINA-139

Vocabulario.O circo.

-Exercicios 1 e 2

OUTRAS ACTIVIDADES

1-Se acudiches algunha vez ao circo, escribe como foi a túa experiencia neste tipo de espectáculos.Se nunca fuches podes escribir sobre o teu número ou artista preferido do mesmo (Trapeceistas, pallasos, malabaristas, acróbatas...) e cal che parece que require un maior esforzo de preparación.

2-Traballo de investigación .

Busca en internet o Circo do sol, e fai un pequeno traballo sobre o mesmo.

Chega una folla da libreta, resumindo os puntos máis importantes

3-Que monumento importante hai na Praza do Obradoiro en Santiago de Compostela?

4.Por que as seguintes palabras son compostas.

BEIRARRÚA

VIRAVOLTAS

4.Os xentilicios son as palabras que indican de que lugar é una persona.

A maioría dos **xentilicios** fórmanse engadindo sufixos coma: **-es, -esa, -ino, -ina, -í, an, -a**, ao nome do lugar.

Exemplos:

Lugo-lucense ou lugués

Pontevedra-pontevedrés

De onde son os polacos?

Onde está ese país?

Escribe os xentilicios das seguintes localidades:

Ourense	ourensán/ourensá
Santiago de Compostela	
A Coruña	
Guitiriz	
Vilalba	
Asturias	
Burgos	
Foz	

Observa os sufixos ao final dos exercicios.

5-Escribe antónimos destas palabras da lectura.

importante	insignificante	confiar	desconfiar
diminuto		facer	
levantar		deixar	
danzas		exito	
seguro		adiantar	
antes		montar	
achegar		nunca	

6-Nestes exemplos de grupos nominais da lectura (Repasa o grupo nominal, tema 3 do libro do 1º trimestre), sinala o nome núcleo do grupo nominal.

Este espectacular circo

Nunha cidade galega

Moitos nenos

Todos os viandantes

Algúns dos compoñentes.

EXEMPLOS DE SUFIJOS PARA FORMAR XENTILICIOS

Sufijos nos xentilicios galegos

-és/-esa: valdeorrés, valdeorresa (Valdeorras),

-ense: boirense (Boiro)

-án/-á: mazaricán, mazaricá (Mazaricos)

-ao/-á: cartellao, cartellá (Cartelle)

-ano/-ana: miñorano/a (Val Miñor)

-ego/-ega: naviego, naviega (Navia de Suarna e Navia, AS)

-eiro/-eira: rosaleiro, rosaleira (O Rosal)

-iño/-iña: troncosiño, troncosiña (Mondariz)

ino/-ina: monterrosino/a (Monterroso)

-exo/-exa: portexo/portexa (Porto-ZA)

Solucións exercicios de competencia lectora e vocabulario do libro de texto.

1 É unha noticia que informa da chegada do circo das pulgas a unha cidade galega.

2 RM. Unha rolda de prensa é un acto informativo en que participan varios medios de comunicación para que unha persoa, entidade... os informe dun determinado tema. • A rolda de prensa de un domador e director do circo das pulgas. • Cando o circo chegou á cidade e antes de faceren a actuación. • Fala das actividades que os artistas do circo van realizar.

3 • Está instalado no recinto feiral. • Vai estar durante dúas semanas. • Hai actuacións diarias (dous pases) ás cinco e ás oito da tarde.

4 A. Quitadeaí e Liscajá: son pulgas pallaso que fan rir ao público. B. Patiñaf e Patudaf: realizan danzas e acrobacias. C. Tonechav: levanta mil veces o seu peso. D. Magolof: pulga que fai maxia.

5 Titular: «Gran circo das pulgas en Compostela». Entrada: Primeiro parágrafo: «Por primeira vez... único no mundo». Corpo: Todo o texto restante. 6 e 7 RL.

Vocabulario

1 • Era espectacular a destreza que tiña o malabarista coas mazas.

- O funámbulo, coa súa pértiga, executou un arriscado exercicio sobre o arame.

- Un zancudo de máis de dous metros camiñaba cos seus zancos.

- Uns acróbatas enrolábanse e desenrolábanse por unha fita de tea.

2 • Equilibrista → Fai exercicios mantendo o corpo en equilibrio sobre unha corda, un arame...

Contorsionista → Fai exercicios co propio corpo facendo movementos irregulares e forzados.

- Bancada → Conxunto de asentos desde onde se presencia o espectáculo.

Chanzo → Cada unha das partes da escaleira.

- Pinchacarneiro → Volta que se dá apoiando as mans e a cabeza no chan.

- Pirueta → Volta que se dá no aire.